



Concello de Vigo

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente do día 1 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

17.- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE ÓS CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAIS. EXPTE. 1633/110 (REXISTRO PLENO 2049/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 27 de xuño de 2019, a Alcaldía-Presidencia somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

“Como consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida tralas eleccións locais do pasado 26 de maio, resulta de aplicación o previsto nos artigos 75; 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción que, dos dous últimos preceptos citados, efectuou a Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

Os membros das Corporacións Locais poden percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desenvolvan con dedicación exclusiva ou parcial, debendo ser o Concello-Pleno, ex artigo 75.5 e 123.1 n) LRBRL, quen adopte o necesario acordo no que se determinen tales retribucións e o réxime de dedicación dos cargos con dedicación parcial para o seu posterior nomeamento mediante Resolución por esta Alcaldía.

De conformidade coa normativa exposta e en concordancia co indicado no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía, en uso das facultades previstas no artigo 13.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Establecer os seguintes réximes de dedicación e retribucións anuais:

alcalde-Presidente en réxime de dedicación exclusiva: 69.218,38 €
concelleiro/a en réxime de dedicación exclusiva: 59.582,74 €
concelleiro/a en réxime de dedicación parcial de 26 horas: 41.137,16 €

Segundo. Ademais do alcalde-presidente realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación:

10 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista
1 concelleiro/a do Grupo Municipal Popular

Terceiro. Realizarán as súas funcións en réxime de dedicación parcial con unha dedicación mínima de 26 horas os seguintes cargos da Corporación:

1 concelleiro do Grupo Municipal Socialista
1 concelleiro/a do Grupo Municipal Mixto.



Cuarto. Os Voceiros/a dos grupos municipais, no prazo dos tres días seguintes á adopción do presente acordo, presentarán no Rexistro da Secretaría do Pleno, escrito dirixido ao Alcalde-Presidente no que nominarán aos concelleiros/as do seu Grupo que desenvolvan as dedicacións previstas ao obxecto de que á Alcaldía determine o previsto no artigo 75.5 da LBRL.

Quinto. Os Voceiros dos Grupos Municipais, no escrito citado no apartado anterior, poderán comunicar a decisión do grupo de dividir unha ou varias dedicacións exclusivas das que correspondan ao seu Grupo en dúas ou máis parciais de características idénticas ás sinaladas. Así mesmo poderase propoñer a agrupación de dúas ou máis dedicacións parciais nunha ou máis exclusivas e mesmo agrupar os importes retributivos de varias dedicacións exclusivas ou parciais coa contía retributiva que resulte que, no caso de ser parciais, non poderán superar os importes previstos. Nestes supostos non será necesaria a modificación do presente acordo e facúltase á Alcaldía a resolver en base á comunicación a ela dirixida. Da Resolución darase conta individualizada ao Pleno.

Sexto. As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como co desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Sétimo. Os concelleiros/as que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Corporación nin dos órganos reitores dos organismos autónomos municipais, sen prexuízo das indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo.

Oitavo. As retribucións anuais brutas aboaranse en catorce pagas agás as dos concelleiros/as con dedicación parcial que se aboarán en doce. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Noveno. A Secretaría Xeral do Pleno, nos supostos de dedicacións parciais de concelleiros/as que desempeñen un posto de traballo noutras Administracións Públicas ou nos entes ou organismos delas dependentes, comunicarán ó centro de traballo do concelleiro/a a xornada desempeñada e as retribucións percibidas.

Décimo. No suposto de que con posterioridade algún concelleiro/a non desenvolva as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Corporación ou dos órganos reitores dos OO.AA. municipais dos que formen parte; nos termos establecidos na Base 35 de execución dos orzamentos correspondentes ao exercicio 2019. En ningún caso a cantidade máxima que mensualmente poderán percibir poderá sobre pasar ás que mensualmente corresponden ós cargos que desenvolven a súa función en réxime de dedicación parcial de 26 horas.

Décimo primeiro. Os cargos que desempeñen a súa función en réxime de dedicación parcial poderán comunicar á Alcaldía mediante escrito, no que figurará a sinatura de conformidade do Voceiro do seu grupo político, a súa decisión de desempeñalo sen adscrición á tal réxime, optando, en consecuencia, polo sinalado no apartado anterior. A Alcaldía resolverá en base á comunicación a ela dirixida.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/07/2019 12:27

Páxina 2 de 3

Expediente 1633/110

CSV: 2HE4CC-2C3932-5DDFE9-6KFDXF-N8X87U-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Décimo segundo. O presente acordo, así como a Resolución da Alcaldía na que se determinen a proposta dos voceiros/a dos distintos grupos municipais os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios do Concello e na Intranet municipal. A Resolución sinalará que os efectos económicos das dedicacións se retrotraerán á data de toma de posesión do cargo de concelleiro/a.

Décimo terceiro. O nomeamento para un cargo con dedicación exclusiva deberá ser aceptado expresamente polo concelleiro/a no que recaia mediante escrito dirixido á Alcaldía presentado no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno, debéndose comunicar esta circunstancia ó Concello-Pleno na seguinte sesión ordinaria.”

Con data 27 de xuño de 2019, o Interventor Municipal emite informe de fiscalización.

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO: Aprobar a proposta da Alcaldía, de data 27 de xuño de 2019, relativa as dotacións económicas dos grupos municipais, que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.
am

Vº e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

